



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Educación Social

Curso Académico: Curso 2017-2018

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos
- Plan de Melloras
 - Finalizadas Curso 2017-2018
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - AM-ES-1
 - AM-ES-3
 - AM-ES-4
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - AM-ES-2
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - AM-ES-5
 - AM-ES-6
 - Abertas Curso 2018-2019
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - AM-ES-1
 - AM-ES-2
 - AM-ES-4
 - AM-ES-7
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - AM-ES-3
 - AM-ES-5
 - AM-ES-6
 - AM-ES-8

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO	
Denominación do título	Grao en Educación Social
Mencións/Especialidades	----
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	----
Centro responsable	Facultade de Ciencias da Educación
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	NON
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	20/07/2016

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No referido ao perfil formativo/egreso do título, cabe apuntar, a modo introdutorio, o número de prazas ofertadas no curso 2017-2018 (68) (IN01-G-PC-05) e o número de estudantes de novo ingreso (74), o cal supuxo un descenso da matrícula no 1º curso en relación aos cinco últimos anos (94 no curso 2012-2013; 88 no 2013-2014; 83 no 2014-2015; 93 no 2015-2016 e 95 no 2016-2017) (IN03G-PC-05), consecuencia da solicitude da redución do 5% da matrícula solicitada en cursos anteriores, por exceder o número da oferta de prazas da titulación. Do número total de estudantes de novo ingreso, 73 se matricularon por vez primeira no 1º curso de dito plan de estudos (IN04G-PC-05). Deste xeito, cabe apuntar unha taxa de variación relativa da matrícula de novo ingreso do -21,51% (IN05G-PC-05).

Á vista dos datos, convén salientar a porcentaxe de alumnado matriculado de novo ingreso sobre as prazas ofertadas, concretamente o 107,35%, o cal tamén implica un descenso en relación cos valores acadados nos dous cursos anteriores (117,33% no 2015-2016 e 130,99 no 2016-2017) (IN12G-PC-05), como consecuencia do apuntado no parágrafo anterior.

Cómpre apuntar, a un tempo, que o número de estudantes prescritos en dita titulación como primeira opción é de 66,18 (IN10G-PC-05). A nota media de acceso por prescrición dos estudantes que iniciaron estes estudos no curso 2017-2018 foi de 8,75, valor tamén máis elevado que os rexistrados nos últimos cursos académicos (IN06G-PC-05).

2013-2014	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018
7,31	7,46	7,67	7,96	8,75

Fonte: IN06G-PC-05

En consecuencia, á vista dos datos expostos, estamos a falar que a totalidade de estudantes (100%) que accedeu a dita titulación o fan cunha nota superior a seis (IN07G-PC-05), procedentes do Bacharelato no 71% dos casos e da Formación Profesional no 29% restante (INF.CIUG_2016-2017).

Respecto á procedencia xeográfica dos estudantes de novo ingreso, practicamente na súa totalidade son de orixe nacional (98,88%), xa que só o 1,12% restante recae sobre estudantes estranxeiros (IN08G-PC-05).

Por outra banda, en canto á procedencia de estudantes nacionais de fóra de Galicia, cabe salientar unha pequena porcentaxe (2,25%) que procede doutras Comunidades Autónomas (IN09G-PC-05), non existindo datos referidos ao

alumnado de primeiro curso, senón sobre a totalidade dos estudantes da titulación (só 8 estudantes procedentes doutras Comunidades Autónomas dos 356 matriculados no Grao) (INF.16_2017-2018).

Finalmente, a modo de conclusión, cabe destacar a xustificación e actualización do interese do título, a cal vese avalada, entre outros factores, pola demanda de estudantes neste eido profesional, manténdose, tamén, a relevancia do perfil formativo do título.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A organización modular do Grao en Educación Social, de acordo co xa indicado en informes precedentes, enténdese valiosa para realizar unha aproximación secuenciada e progresiva aos saberes e competencias requiridos. Deste xeito, a estrutura do programa formativo inclúe módulos que achegan unha visión do alcance e significado dos procesos educativos no seo da sociedade; inciden no estudo das características da profesión, axentes, institucións educadoras e recursos na Educación Social; contemplan os procesos de planificación, deseño, desenvolvemento e avaliación da acción socioeducativa en diversos contextos e realidades sociais e abordan os procesos de innovación no ámbito profesional da Educación Social.

No referido ao desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificacións, estes aspectos correspóndense co establecido na memoria de verificación de cara a permitir a consecución das competencias, levando a cabo, anualmente, dende o Vicedecanato de Organización Académica e a Coordinación do título, unha revisión das programacións das diferentes materias do plan de estudos, co fin de favorecer á adaptación ao establecido, así como a realización, ao profesorado, de suxestións e propostas de mellora, as cales se concretan, de xeito resumido, na reiteración de contidos, falta de concreción na formulación dos mesmos e desaxustes nas competencias indicadas, metodoloxía e sistema de avaliación establecido, así como bibliografía recomendada.

Non obstante, de xeito complementario, cabe facer mención á satisfacción do alumnado e do profesorado con certos indicadores que gardan relación co aspecto a tratar neste punto. Neste senso, no referido ao alumnado (N=11), cabe apuntar a súa satisfacción media coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas (2,79 sobre 5), aspecto no que, nunha primeira aproximación, a valoración media dos ítems analizados é superior á media da USC, a excepción do referido aos horarios da titulación e á proporción entre as sesións teóricas e prácticas na titulación. De xeito pormenorizado, a información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe é o aspecto que maior puntuación obtén (3,09 sobre 5), seguido do calendario de probas de avaliación (3,00) e o desenvolvemento das ensinanzas da titulación (2,91). Pola contra, os ítems menos valorados fan referencia á proporción entre as sesións teóricas e prácticas da titulación (2,55), á organización temporal das materias do plan de estudos e aos horarios da titulación (ambos aspectos cunha puntuación de 2,64 sobre 5), así coma a coordinación entre as materias do plan de estudos (2,73) (INF.22-2017-2018).

No referido aos horarios da titulación, cómpre sinalar a intención de continuar na liña de traballo iniciada en anos anteriores, centrada, en liñas xerais, en estudar e revisar de forma pormenorizada cada curso a da distribución horaria e realizar as modificacións necesarias para ofrecer unha proposta mellor e viable para respectar o equilibrio semanal da carga lectiva. Neste senso, cabe apuntar que a organización dos diferentes cursos da titulación na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida) é sen dúbida un dos retos máis complexos habida conta do elevado número de alumnos/as que reúnen as diferentes titulacións de Grao e Máster impartidas no centro, con dependencias compartidas, obrigando ao establecemento de quendas, así como debendo ser adaptados aos calendarios de Practicum, aspecto este que implica comprimir semestres para acudir no tempo previsto ás institucións. Os aspectos sinalados implican unha grande complexidade á hora de organizar horarios óptimos para o desenvolvemento da docencia, os cales, á súa vez, liberen de

tempo para a preparación de traballos en grupo por parte do alumnado, traballo persoal, etc., polo que se continúa a traballar nesta liña, intentando favorecer, en todo momento, a realización das melloras oportunas para evitar, deste xeito, xornadas sobrecargadas, horas libres entre sesións de aula, etc.

Complementariamente, no referido ao profesorado (N=27), na súa valoración sobre a satisfacción co desenvolvemento das ensinanzas, a totalidade de ítems, excepto un, acadan valores superiores a 3,5 sobre 5, destacando os seguintes resultados: calendario das probas de avaliación (4,00), proporción entre as sesións teóricas e prácticas na titulación (3,93), desenvolvemento das ensinanzas da titulación (3,78), organización temporal das materias do plan de estudos (3,65) e horarios da titulación (3,59). Pola contra, o ítem con menor puntuación é o referido á coordinación entre as materias do plan de estudos, o cal un valor de 3,19 sobre 5. No referido á satisfacción do profesorado coa información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos, apuntar unha puntuación de 4,11 sobre 5, mentres que as competencias do plan de estudos obteñen un valor de 4,04 sobre 5 (INF.23_2017-2018).

Por outra banda, no referido ao tamaño dos grupos para o desenvolvemento das actividades formativas, as clases expositivas contan cunha media de 69,33 alumnos/as (IN31G-PS-01) e de 26,90 no caso das interactivas (IN32G-PS-01).

No que atinxe ao Curso Ponte, este non foi ofertado no Grado en Educación Social no curso académico 2017-2018, polo que os datos remitidos pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (DatosCPonte_2017-2018) fan referencia aos 4 alumnos/as matriculados no curso 2017-2018 pero que iniciaron estes estudos con anterioridade, sendo so un estudante o que se titulou en dito curso académico, o que supón a obtención dunha taxa de rendemento e avaliación do 25%, respectivamente (DatosCPonte_2017-2018).

Finalmente, debe facerse mención ao alumnado participante en programas de mobilidade. No que atinxe á porcentaxe de estudantes do Grao enviados pola USC a programas de mobilidade é do 8,43%, a cal supón á tendencia á alza iniciada en anos anteriores, así coma un incremento significativo sobre os resultados obtidos anteriormente (2,49% no curso académico 2013-2014, 2,20% no 2014-2015, 3,43% no 2015-2016 e 3,46% no 2016-2017) (IN17G-PC-08). En canto á procedencia da estadía, 14 son estudantes no Programa SICUE, 11 no Programa ERASMUS e 5 de Convenios Bilaterais con outras Universidades (INF.03_2017-2018). No referido á satisfacción destes cos programas de mobilidade (N=2), a puntuación media acadada é de 3,07 sobre 5 (IN15G-PC-08), destacando como puntuacións máis positivas os ítems referidos á formación recibida na Universidade de acollida (4,50), á atención, aceptación e acollida por parte da Universidade de Destino, así coma ás infraestruturas e materiais dispoñibles na Universidade de acollida, ambas con puntuacións de 4,00. Pola contra, aqueles aspectos menos valorados ambos con puntuacións de 2,50 sobre 5, se corresponden á elaboración do acordo de estudos na USC antes de iniciar o intercambio, así como á orientación e axuda recibida por parte do coordinador/a de mobilidade na USC (INF.04_2016-2017).

No referido á porcentaxe de alumnado entrante de programas de mobilidade sobre o total de matriculados na titulación, cabe apuntar un 2,25%, valor baixo pero lixeiramente inferior ao acadado no curso 2016-2017 (2,66%) (IN18G-PC-08). Facendo referencia á súa procedencia, 5 participan no Programa SICUE, 2 en Convenios Bilaterais con outras Universidades e 1 no Programa ERASMUS (INF.03_2017-2018). En canto á súa satisfacción con estes programas (N=1), non figuran datos referidos en exclusividade ao Grado en Educación Social, posto que os existentes fan referencia a resultados xerais a nivel de Facultade. Non obstante, destaca que a satisfacción xeral deste colectivo cos programas de mobilidade acada unha puntuación de 3 sobre 5 (INF.05_2017-2018).

Á vista dos datos referidos ao alumnado participante en programas de mobilidade, cómpre salientar que, de acordo co sinalado no informe de seguimento do curso 2016-2017, a realización de maiores esforzos na difusión da información referida aos diferentes programas de mobilidade, concretamente a través das sesións informativas levadas a cabo, favorecen mellores resultados no que atinxe á participación do alumnado saínte, polo que se considera necesario seguir traballando na mesma liña, así como facer maior fincapé en cuestións que poidan favorecer unha maior participación dos estudantes nestas iniciativas. A un tempo, debe sinalarse a importancia do papel a desenvolver polos coordinadores/as académicos, sendo os responsables de asesorar e axudar na elaboración do acordo de estudos.

Á vista da análise realizada sobre a totalidade de indicadores expostos, cabe apuntar certas accións desenvolvidas na titulación, de cara a favorecer o desenvolvemento do seu plan de estudos, sinalando, de xeito resumido, as seguintes:

- ✓ **Procedemento de acollida e orientación de estudantes de novo ingreso:** Desenvolvéronse as xornadas de presentación, orientación e información para o alumnado de 1º curso, divulgadas con cartaces e a través da Web da Facultade. Ditas xornadas organizáronse en dous momentos: un inicial, conxunto coa titulación de Pedagogía para proceder á presentación do Equipo Decanal e aos Equipos de Coordinación das titulacións, co fin de ofrecer información básica da Facultade; e outro segundo, de carácter máis específico, coa Coordinadora da titulación e a Coordinadora de 1º curso, onde o alumnado recibiu información máis detallada da titulación, a súa organización xeral e os elementos básicos para comezar o semestre. Complementariamente á xornada de presentación, levouse a cabo, na segunda semana lectiva, por parte do persoal da Biblioteca da Facultade, unha sesión explicativa da organización, acceso e posibilidades que a Biblioteca ofrece ao alumnado no seu proceso formativo.

- ✓ **Apoio e orientación aos estudantes:** Dentro desta liña de actuación, destaca o Programa Alumnos/as Tutores/as, o cal contou con catro alumnos/as tutores que desenvolveron as súas funcións a través de diferentes accións ao longo do curso; as sesións de divulgación sobre o Traballo Fin de Grao co alumnado de 4º curso, as cales se concretan no apartado correspondente; o Curso, no mes de setembro, de presentación da biblioteca e da plataforma virtual para o alumnado de 1º curso, así coma o desenvolvemento, no mes de novembro, do Curso de orientación de busca documental para a realización do TFG dentro do Plan de Formación da Biblioteca da Facultade. De xeito complementario, debe sinalarse a presentación levada a cabo co alumnado de cada un dos cursos da titulación das materias dos diferentes cursos, así como dos diferentes itinerarios, xuntanzas ás que tamén asistiron parte do profesorado responsable das mesmas, co propósito de mellorar o proceso de selección de materias a realizar, fundamentalmente, na matrícula de 3º e 4º curso e, polo tanto, favorecer o proceso de toma de decisións. Ao respecto, cabe apuntar o cumprimento dunha das accións de mellora incluída no informe de seguimento do curso 2016-2017, referida á necesidade de levar a cabo esta iniciativa co alumnado de toda a titulación e non so co de 3º curso, tal e como se fixera no curso anterior. Non obstante, neste eido, cómpre mencionar o desenvolvemento do deseño e aplicación dun instrumento de recollida de información sobre as necesidades de titorización e orientación do alumnado da titulación, a cal integra unha das accións de mellora sinaladas no informe de seguimento do ano anterior, tendo que apuntar que a participación do alumnado foi moi baixa.

- ✓ **Procesos participativos do alumnado no desenvolvemento da titulación:** Organización e posta en marcha dunha sesión de presentación das distintas asociacións estudiantís da USC con representación na Xunta de Facultade/ Claustro, coa finalidade de contribuír a un maior coñecemento do funcionamento da Universidade e, a un tempo, á participación do alumnado na vida universitaria. Destaca tamén, dentro desta liña de actuación, o cumprimento da acción de mellora referida a mellorar a comunicación ao alumnado sobre a figura dos delegados/as, a través da elección formal destes e da explicación detallada, por parte das Coordinadoras de curso das tarefas e funcións que deben asumir, así como promover a súa participación nas comisións de título, sendo estes convidados a participar nestas xuntanzas no curso obxecto de avaliación.

- ✓ **Actividades formativas complementarias para o alumnado da Titulación:** Dende a Coordinación do Grao en e en colaboración coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) desenvolveuse co alumnado dos diferentes cursos a acción formativa “*VIO 7: Ver para erradicar*” co obxectivo principal de acadar a visibilidade das distintas manifestacións da violencia de xénero cara as mulleres con discapacidade. Dita formación tivo unha duración de 8 horas, tendo lugar os días 29 e 30 de Novembro e 13 e 14 de Decembro de 2017 (de 16 a 18 horas) co alumnado de 1º e 2º curso da titulación e o 30 de Novembro e o 1 de Decembro de 2017 (de 16 a 20 horas e de 10 a 14 horas respectivamente) para os estudantes de 3º e 4º curso.

- ✓ **Consolidación da titulación no escenario das profesións sociais e visibilidade das súas saídas profesionais:** Dende a Coordinación do Grao, continuouse coa liña de estreita colaboración co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG), realizándose diversas actividades encamiñadas a incrementar a visibilización e recoñecemento da profesión, así como a ampliación de xacementos de emprego para os egresados/as. Complementariamente, destaca tamén neste senso a charla impartida polo Servizo de Orientación Laboral da USC co alumnado de 4º curso co fin de favorecer o coñecemento das saídas profesionais do Grao, os programas de prácticas existentes e os factores máis relevantes do mercado laboral actual.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En canto aos mecanismos de coordinación docente existentes no título para favorecer o desenvolvemento do plan de estudos, cabe apuntar a existencia de mecanismos efectivos de coordinación directa no Grao, os cales se concretan nos seguintes:

- ❑ Reunións xerais entre a Coordinadora do Grao e as Coordinadoras de Curso, recolléndose nas actas correspondentes os asuntos abordados e acordos tomados nas mesmas. As temáticas centrais destas xuntanzas foron as seguintes:
 - ✓ Planificación anual do traballo a desenvolver polo equipo de Coordinación do Título no curso obxecto de avaliación.
 - ✓ Preparación da sesión de presentación e acollida ao alumnado de 1º curso.
 - ✓ Organización do Día Internacional da Educación Social.
 - ✓ Elección de delegados e delegadas de curso.
 - ✓ Organización de reunións co profesorado da titulación, planificación de actividades complementarias de interese para o Grao en Educación Social e participación en actividades propostas por outras institucións.
 - ✓ Planificación de procesos participativos do alumnado no desenvolvemento do Grao, a través da inclusión dos alumnos/as delegados/as nas xuntanzas mantidas pola Comisión do Título, así como da presentación das asociacións estudiantís da USC con representación na Xunta de Facultade/Claustro.
 - ✓ Planificación da acción formativa a desenvolver en colaboración coa Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) “VIO 7: Ver para erradicar”, destinada á totalidade de estudantes da Titulación, co obxectivo principal de acadar a visibilidade das distintas manifestacións da violencia de xénero cara as mulleres con discapacidade.
 - ✓ Organización das diferentes sesións de información e asesoramento sobre o TFG destinadas ao alumnado de 4º curso.
 - ✓ Elaboración do Informe de Seguimento 2016-2017.

- ✓ Revisión dos programas das diferentes materias coa finalidade de identificar e suxerir propostas de mellora.
- ✓ Revisión dos horarios dos diferentes cursos da titulación co fin de evitar xornadas sobrecargadas, horas libres entre sesións de aula, etc. para favorecer a organización de horarios óptimos para o desenvolvemento da docencia, os cales, a un tempo, liberen de tempo para a preparación de traballos en grupo por parte do alumnado, traballo persoal, etc.
- ✓ Planificación do inicio do curso 2018-2019.

Reunións das Coordinadoras de Curso:

- ✓ Reunións de cada Coordinadora de Curso co profesorado correspondente coa finalidade de intercambiar opinións e realizar valoracións sobre o desenvolvemento dos cursos, así como suxerir ideas de mellora. Neste senso, cómpre destacar a importancia concedida polo profesorado a esta tipoloxía de xuntanzas, pondo de manifesto a necesidade de desenvolver, como mínimo, unha por semestre. Non obstante, ao respecto, cómpre tamén sinalar a necesidade de concienciar ao profesorado implicado no Grao da importancia de asistir e participar nas mesmas de cara a tentar conseguir resultados positivos para a titulación obxecto de avaliación.
- ✓ Reunións, unha por semestre, das Coordinadoras de curso cos estudantes, tanto co alumnado delegado/a como co conxunto do grupo.

Reunións entre as Coordinacións de Graos da Facultade e Decanato para informar e planificar certas estratexias de actuación conxunta.

Complementariamente, cómpre sinalar outros aspectos como a valoración que tanto o alumnado coma o profesorado fai sobre cuestións referidas á coordinación. Por unha banda, no que atinxe á coordinación existente entre as materias do plan de estudos, obtense unha valoración media de 2,73 sobre 5 por parte do alumnado (N=11) (INF.22_2017-2018), mentres que o profesorado (N=27) concede a dito ítem unha puntuación de 3,19 (INF.23_2017-2018), puntuacións ambas lixeiramente inferiores ás do curso 2016-2017 (3,00 no caso do alumnado e 3,40 no caso do profesorado) (INF.22_2017-2018 e INF.23_2017-2018).

Pola outra, no referido á valoración que o alumnado fai sobre a coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia, cabe apuntar que dito ítem obtén unha puntuación de 3,80 sobre 5 (INF.13_2017-2018), mentres que a valoración que o profesorado do título realiza sobre a efectividade da coordinación entre os/as distintos/as profesores/as dunha materia, así como a adecuación da coordinación entre as diferentes materias e/ou niveis do título é de 4,54 e 3,47, respectivamente (INF.14_2017-2018). Non obstante, á vista destes resultados, todos eles por riba do valor medio, cómpre realizar especial fincapé na necesidade de mellorar aspectos referidos á coordinación entre o profesorado das materias, sendo necesario o establecemento de mecanismos máis efectivos para abordar estas cuestións, crendo oportuno non só a organización de xuntanzas co profesorado do título, tal e como se acordou no informe de seguimento anterior, senón da necesidade de concienciar a este colectivo da importancia de asistir e participar nas mesmas.

No referido ás prácticas externas da titulación, destaca a existencia dos convenios asinados coas diferentes institucións, dando lugar a un número amplo e diverso de prazas ofertadas. O proceso de actualización da base de datos dos convenios resulta complexo, debido á desaparición progresiva de entidades, programas e/ou iniciativas, así como á incorporación doutras, aspecto este que dificulta a planificación dos Practicum do noso alumnado, tamén complementado pola necesidade de compartir os recursos e infraestruturas existentes con alumnado doutras titulacións do ámbito social.

De xeito complementario, cabe mencionar a satisfacción dos estudantes con estes procesos (N=9), polo que, nun primeiro momento, cabe apuntar a valoración media outorgada (3,87 sobre 5) (IN19G-PC-09). Levando a cabo unha análise polo miúdo dos diferentes ítems avaliados, obteñen as puntuacións máis elevadas, todos eles con valores superiores a 4, as cuestións referidas á utilidade das prácticas como un bo complemento de formación e á suficiencia das instalacións e

medios materiais da institución para realizar as prácticas (ambos ítems cunha puntuación de 4,33), así como a atención recibida por parte do/a titor/a profesional da institución (4,22) e do titor/a académico da Universidade (4,00) (INF.06_2017-2018). Pola contra, os valores inferiores céntranse no referido ao cumprimento das expectativas previas coas actividades desenvolvidas na institución de prácticas (3,67) e co desenvolvemento axeitado das prácticas (3,89). Finalmente, o ítem que acada unha puntuación por debaixo da media é o referido á duración das prácticas, o cal obtén unha puntuación de 2,67 sobre 5, posto que se considera inadecuada (INF.06_2017-2018).

Por outra banda, no relativo á satisfacción dos/as titores/as cos programas de prácticas externas, en primeiro lugar, no que aos/as titores/as profesionais se refire (N=43), destaca a puntuación medida acadada (4,10 sobre 5) (IN20G-PC-09). Dos datos derivados desta enquisa, sinalase a puntuación obtida por todos eles, superiores a 3,5 sobre 5, destacando con valores máis elevados os ítems referidos ao cumprimento por parte do alumnado das tarefas asignadas (4,45), a integración do alumnado no medio de traballo (4,42) e a satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado (4,38) (INF.07_2017-2018). En segundo lugar, en canto á satisfacción dos titores/as académicos (N=5), cabe apuntar o valor medio obtido (4,20), superior ao acadado nos dous últimos cursos académicos (4,00 no curso 2015-2016 e 3,80 no 2016-2017) (IN21G-PC-09). Da análise pormenorizada da enquisa correspondente, destaca que a totalidade de ítems analizados obteñen unha puntuación igual ou superior a 4, excepto o referido ao grao de satisfacción coa comunicación e coordinación coas empresas/institucións ou entidades de prácticas, o cal obtén un valor de 3,67 sobre 5, superior ao acadado no curso 2016-2017 (2,50) (INF.8_2017-2018).

Neste senso, á vista dos resultados e mellora lograda, é preciso continuar coa liña de traballo xa iniciada en anos anteriores, centrada na organización de reunións informativas, ao inicio de curso, co alumnado de Practicum de Educación Social I e II para explicar o calendario, así como o proceso a seguir na elección e asignación de centros de prácticas. Outra cuestión de interese é a ficha da avaliación da institución colaborada a cumprimentar polo alumnado de Practicum I e II, a cal permite tamén facer unha posta en común e valoración, por parte dos responsables do Practicum na Facultade e titores/as académicos, sobre aqueles centros de prácticas que acadan valoracións máis inferiores. Igualmente, debe darse continuidade á liña de traballo xa iniciada no curso 2014-2015, a cal, en liñas xerais, se centra en remitir toda a información referida ao Practicum aos titores/as externos, establecer con estes contacto telefónico ou vía email, revisar as enquisas de avaliación do alumnado sobre as institucións de prácticas colaboradoras, así como a posta e valoración por parte dos responsables de Practicum na Facultade e titores/as académicos sobre aqueles centros de prácticas que acadan valoracións máis baixas. Sen embargo, non debemos obviar a necesidade de facer un maior esforzo para fomentar a comunicación e a coordinación entre os diferentes axentes para a abordar, entre outras cuestións, aqueles aspectos referidos ás tarefas e competencias a desenvolver polo alumnado durante a estadia de prácticas na institución.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En relación aos criterios de admisión aplicados de cara a favorecer que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar os estudos do Grao en Educación Social, este é un proceso que se desenvolve fóra do ámbito de responsabilidade da Facultade, correspondendo esta tarefa aos servizos de xestión da USC a través dos criterios de admisión propios. Internamente, tanto os responsables académicos da titulación coma os administrativos da Facultade facilitaron tanta información foi solicitada polo alumnado, orientándoos aos servizos correspondentes.

Non obstante, cabe apuntar a coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do alumnado matriculado no título, destacando que a matrícula no curso 2017-2018 foi de 356 estudantes (IN02G-PC-05), dos cales 74 eran de novo ingreso (IN03G-PC-05) –xa comentadas as súas características no apartado 1.1. do presente informe–, nunha titulación na que se ofertaron 68 prazas para o 1º curso (IN01G-PC-05).

Complementariamente e respecto á visualización e difusión dos estudos e continuando un ano máis cunha actividade consolidada no conxunto dos Graos da Facultade de Ciencias da Educación, participouse no Programa A Ponte. A

profesora Margarita Valcarce Fernández, Coordinadora desta iniciativa na Facultade, recibiu, no Campus Vida, xunto coas Coordinacións das diferentes titulacións, a un total de 294 alumnas e alumnos de Educación Secundaria de toda Galicia durante o mes de febreiro, dando a coñecer, de xeito detallado, as características do Grao en Educación Social.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No referido aplicación das distintas normativas (de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas,...), estas se desenvolveron segundo o establecido nas mesmas, sen ningunha incidencia a destacar, aspecto este que queda reflexado nos resultados acadados polo alumnado da titulación, destacando, entre outros xa mencionados no apartado correspondente do presente informe, a taxa de rendemento (90,05%) (IN34G-S01-PM-01), a taxa de éxito (96,54%) (IN35G-S01-PM-01), a taxa de graduación (64,10%) (IN37G-S01-PM-01) e a taxa de eficiencia (96,47%), correspondéndose este último valor ao curso 2014-2015, xa que no informe de indicadores non existen datos máis actualizados (IN39G-S01-PM-01), sendo todos eles superiores á media das diferentes titulacións da Universidade de Santiago de Compostela (MedUSC_2017-2018).

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En canto aos mecanismos existentes na institución para comunicar e garantir á totalidade de grupos de interese un fácil acceso á información relevante do título e dos procesos que garanten a súa calidade, destaca, en primeiro lugar, a páxina web da Facultade/ Título (http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacion_grao_es.html), a través da cal se publica información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo e o seu desenvolvemento.

Deste xeito, a través desta páxina web, os diferentes grupos de interese poden acceder a información fundamental referida a posibles trámites a realizar polo alumnado e prazos; coordinación do título e dos diferentes cursos; profesorado da titulación; obxectivos, competencias e saídas profesionais; plan de estudos, oferta e admisión –número de prazas de novo ingreso, nota de corte, perfil de ingreso, criterios de acceso e admisión e calendario de inscrición e matrícula-; horarios de cursos e calendarios de exames, así como outra información de interese, referida, especificamente, ao Practicum, ao Traballo Fin de Grao, ao Programa Alumnos/as Tutores, Programas de Mobilidade, normas de permanencia e avaliación, Sistema de Garantía Interno de Calidade do título e o enlace web do Colexio de Educadoras e Educadores de Galicia.

Por outra banda, e tamén como mecanismos de difusión da información sobre o título, cómpre destacar as aulas virtuais, especialmente, a de Coordinación Xeral do título e as de Coordinación dos diferentes cursos, así como as pantallas informativas existentes no centro, a través das cales se favorece a difusión actualizada de información referida ao título, ao seu desenvolvemento e, sobre todo, no referido a actividades complementarias a desenvolver. No que atinxe ás Aulas Virtuais de Coordinación, cómpre indicar que a través da Aula de Coordinación Xeral se ofrece información de interese para a totalidade de axentes implicados na titulación, sendo as Aulas de Coordinación dos Cursos, recursos empregados para a difusión de información de interese para o curso en cuestión, criterio este último adoptado pola Comisión do título no curso 2016-2017 co fin de evitar a duplicidade de información a través dos diferentes canles.

Finalmente, no referido á satisfacción coa información pública dispoñible sobre a titulación, cómpre salientar a valoración realizada polo alumnado (N=11), 2,73 sobre 5, bastante inferior ao acadado no curso 2016-2017 (4,00) (INF.22_2017-2018), así como polo profesorado (N=27) (4,16) (INF.23_2017-2018), o que reflicta a necesidade de mellorar a satisfacción dos estudantes neste senso. No referido á valoración realizada por parte dos egresados (N=7) sobre a información pública dispoñible, resalta a puntuación outorgada (2,73 sobre 5) (IN23G-PC-12). Non obstante, de cara a manter os resultados máis positivos e mellorar aqueles máis negativos é preciso continuar e reforzar as tarefas realizadas polas persoas responsables do Centro/Titulación para manter actualizada e sintetizar a información dispoñible coa pretensión de favorecer, a través do emprego de ditas ferramentas, a difusión da mesma con maior claridade e aplicando criterios de accesibilidade para os usuarios.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detecta debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio, xa que se teñen desenvolvidos os procedementos necesarios para garantir a súa calidade, entre eles, o funcionamento da Comisión de Calidade, o Manual Simplificado do SGIC e a Memoria de Calidade do Centro. Na páxina web da Facultade, ofrécese un acceso directo ao apartado de Calidade, no que aparece reflectida toda a información relativa á mesma: memorias verificadas, manuais do SGIC, informes de seguimento, etc.

A obtención de datos e o seu tratamento para avaliar e mellorar a calidade do título e da súa ensinanza lévase a cabo de acordo ao establecido mediante informes e enquisas. Con esta información, trátase de dar resposta aos indicadores xerais: plan docente anual, captación de estudantes, xestión da mobilidade e prácticas externas, avaliación de aprendizaxe, información pública, xestión dos recursos humanos, materiais e servizos, así como seguimento/acreditación do título e satisfacción dos grupos de interese: alumnado egresado, profesorado, estudantes, titores/as externos do Practicum, PAS.

Neste senso, cómpre sinalar tamén a necesidade dende a Coordinación do Grao de aplicar unha enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, o desenvolvemento do Practicum e o TFG con vistas a contribuír aos procesos de avaliación e mellora do título, polo que dita acción será incluída como acción de mellora a desenvolver durante o curso académico 2018-2019.

No referido á xestión da calidade, cómpre destacar a valoración da satisfacción coas canles para realizar queixas e/ou suxestións, as cales foron valoradas polo alumnado (N=11) cunha puntuación de 2,55 sobre 5 (INF.22_2017-2018), mentres que o profesorado (N=27) outorgou unha valoración de 3,88 (INF.23_2017-2018).

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación,

modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os documentos que configuran o SGC son o Manual Simplificado do Sistema de Garantía e o Manual de Procesos e Procedementos. Ambos documentos están dispoñibles a través da páxina web da Facultade que imparte o título. Por outra banda, cabe apuntar que, no centro, anualmente, elabórase anualmente unha Memoria de Calidade, a cal recolle información relativa ao SGC, ao seguimento do título e ao plan de melloras do centro, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos. O seguimento das melloras que se presentan no apartado 3 (plans de mellora) confirman, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso do centro co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos expostos na memoria de verificación do título, de acordo coas recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC é revisado periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. De feito, pode afirmarse que a cultura de calidade vai sendo interiorizada a un ritmo razoable por parte da totalidade de axentes implicados.

O Manual Simplificado do SGIC foi adoptado por primeira vez en decembro de 2013, sendo revisado en 2015 (aprobado por Xunta de Facultade o 22 de abril de 2015 e, finalmente, pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno da USC o 12 de xuño de 2015).

No vindeiro curso académico deberase afrontar unha nova revisión do SGIC unha que foi revisado o SGIC marco da USC o pasado mes de febreiro de 2018, sendo dito reto recollido nas accións de mellora do centro no curso académico 2018-2019.

Finalmente, no referido ao presente apartado, debe mencionarse a valoración feita polo profesorado (N=27) no que atinxe á información dispoñible en relación coa calidade (3,76), así como as vías de participación na mellora da calidade da titulación (3,50), aspecto estes con puntuación superiores ás acadadas no curso 2016-2017 (3,47 e 3,33, respectivamente) (INF.23_2017-2018).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tralaballo Fin de Grao ou Tralaballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de profesorado que imparte docencia no título é de 59, sendo un número amplo, debido a que a maior parte deles imparte docencia en máis dunha titulación e pola existencia de materias impartidas por máis dun profesor/a.

Entre o Persoal Docente e Investigador (PDI) que imparte docencia na titulación, o 76,09% é Doutor (IN25G-PS-01) e o 53,33% conta con sexenios recoñecidos pola ANECA (IN24G-PS-01), o que demostra que se conta con profesorado experto na súa área de coñecemento e con suficiente capacidade investigadora para levar adiante a tarefa de ensino das diferentes materias impartidas no título. Non obstante, debe poñerse de relevo que non impartir docencia de xeito exclusivo no título limita a concentración de esforzos e a visión completa da formación que recibe o alumnado.

En canto á situación laboral do PDI que imparte docencia na titulación, o 41,30% é funcionario (IN26G-PS-01), continuando o descenso comezado anos anteriores no que atinxe a este colectivo, correspondendo o profesorado restante ás seguintes categorías: 5 Profesores/as Asociados a tempo parcial, 13 Contratados Interinos, 4 Axudantes Doutores LOU e 11 Profesores/as Contratados Doutores, complementado coa presenza de 7 Contratados Predoutorais (E15_2017-2018). En consecuencia, á vista dos datos presentados, cabe destacar que o número de profesorado non estable, así coma o descenso de PDI funcionario nos últimos anos (58,54% nos cursos 2012-2013 e 2013-2014; 52,63% no 2014-2015, 51,22% no 2015-2016 e 48,84% no 2016-2017) (IN26G-PS-01), podería limitar as posibilidades de proxectos estratéxicos a longo prazo, tales como as propostas formativas e a especialización e estabilidade en docencia de determinadas materias.

No referido á satisfacción do profesorado da titulación (N=27) coa coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacitación do persoal, cómpre sinalar a puntuación media acadada (3,38 sobre 5), valor lixeiramente inferior á media da USC (3,70) (INF.23_2017-2018). Por outra banda, destaca tamén a gran carga docente do profesorado das áreas implicadas na titulación, aspectos ambos mantidos nos últimos tempos que poderían ter efectos nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, a cal obtén un valor de 3,99, dato este último lixeiramente superior ao obtido no curso 2016-2017 (3,86) (IN46G-S01-PM-01).

No referido á ratio de estudantes por profesor/a a tempo completo, debe resaltarse o valor obtido no curso 2015-2016

(9,48), posto que non se presentan datos para o curso 2017-2018 (IN30G-PS-01). Por outra banda, as clases expositivas contan cunha media de 69,33 alumnos/as (IN31G-PS-01) e de 26,90 nas sesións interactivas (IN32G-PS-01). Deste xeito, en canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida (Taxa participación: 46,55%) no curso 2017-2018, cómpre sinalar o valor de 3,92 sobre 5 (IN47G-S01-PM-01), mentres que no referido á satisfacción coa titulación (N=27) concédese unha valoración media de 3,76 sobre 5 (INF.23_2017-2018).

No que atinxe ao Plan de Formación e Innovación Docente da USC, durante o curso 2017-2018, participou o 27,12% do profesorado da titulación nalgunha das accións formativas desenvolvidas, producíndose un descenso moi acusado en relación co curso anterior (60,44% no curso 2016-2017) (I6-I7_2017-2018). Por outra banda, aínda que non existen datos por titulacións, cómpre especificar a satisfacción global do PDI coas actividades formativas desenvolvidas no curso académico obxecto de avaliación (4,39 sobre 5), obtendo a totalidade de ítems referidos tanto á organización como á percepción da aprendizaxe valores superiores a 4 (INF.10_2017-2018).

Finalmente, o ítem referido á participación do profesorado da titulación en programas de mobilidade, cabe apuntar a nula participación no mesmo (I10_2017-2018).

Deste xeito, á vista dos resultados expostos, como valoración do criterio referido ao persoal académico, debe indicarse a existencia dun profesorado experto na súa área de coñecemento, debendo ser considerado o feito de precisar maior estabilidade nunha parte deste colectivo, así como o feito de impartir docencia en diferentes titulacións, aspecto este que limita a concentración de esforzos e a visión completa da formación que recibe o alumnado. Igualmente, debe facerse maior fincapé na necesidade de que o profesorado participe en accións formativas que permitan a súa actualización e a mellora da actividade docente, así como a súa participación nos programas de mobilidade, polo que se coída preciso realizar un maior esforzo nestas cuestións.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No referido ao persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.), cabe apuntar que na Facultade de Ciencias da Educación o Persoal de Administración e Servizos (PAS) distribúese do seguinte xeito: Conserxería (4) e Tarefas de Administración e Xestión (5) e Apoio Administrativo aos Departamentos (5) (E16_2017-2018).

En canto á satisfacción do Persoal de Administración e Servizos da Facultade de Ciencias da Educación (N=3), posto que non existen datos para cada uno dos centros, cómpre salientar o valor acadado no que atinxe á súa satisfacción xeral co traballo que desenvolve (3,67 sobre 5), destacando con puntuacións superiores a 3,00, os ítems referidos á facilidade para expresar as opinións (3,67); á adecuación dos espazos destinados ao desenvolvemento e á coordinación das funcións do PAS; á comunicación axeitada entre o persoal da unidade e os usuarios, así coma a toma decisións por parte do responsable coa participación de todo o persoal, aspectos todos eles cunha puntuación de 3,33 sobre 5. Pola contra, os aspectos menos valorados (puntuacións inferiores a 2,5) fan referencia á adecuación da información necesaria para desenvolver o traballo e á formación recibida para desempeñar o traballo (ambos cunha puntuación de 2,33), así coma o ítem referido ao suficiente coñecemento dos servizos que prestan outras unidades da Universidade (2,00) (INF.21_2017-2018).

Por outra banda, no referido á participación dos PAS nos plans de formación no curso 2017-2018, participou o 50% deste colectivo (I6-I7_2017-2018). Non obstante, en canto á satisfacción deste colectivo coas actividades formativas desenvolvidas durante o ano 2017, cómpre sinalar unha valoración media de 3,99 sobre 5, acadando puntuacións medias próximas a 4 nos ítems referidos á organización (4,05), obxectivos e contidos (3,98) e percepción da

aprendizaxe (3,91) (INF.11_2017-2018).

Finalmente, queda pendente a mellora referida á dotación doutros recursos humanos, tales como persoal técnico de apoio á docencia que atenda, entre outras, a aquelas funcións de mantemento de equipos informáticos e audiovisuais das instalacións docentes e de apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes, cuestión esta última si abordada a través de iniciativas de formación co profesorado.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientáno no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na páxina web da Facultade infórmase sobre as infraestruturas e recursos materiais dos que se dispón, con indicación da ocupación de espazos, capacidade e equipamento. Os servizos dispoñibles para impartir a titulación poden considerarse suficientes e minimamente satisfactorios, tanto polo que se refire aos recursos (aulas, aulas de informática, seminarios, espazos para traballo dos estudantes, etc.) como aos mecanismos para garantir a súa revisión e mantemento.

Por outra banda, como complemento a información sobre infraestruturas e recursos materiais que pode consultarse na páxina web da Facultade, cómpre apuntar a existencia de novos recursos materiais no curso académico 2017-2018, os cales no centro no que se imparte a titulación obxecto de avaliación, se concretan nos seguintes: 2 ordenadores para préstamo para o alumnado (situados en Conserxería); un equipo de videoconferencia, equipo de son e iluminación (Salón de Actos), un equipo de videoconferencia (Seminario 3 do Módulo B), unha pantalla de proxección eléctrica e un proxector (Seminario Lisardo Doval do Módulo A) e un ordenador na Sala de Profesorado (Módulo A).

Complementariamente aos datos presentados, en canto á satisfacción do alumnado e do profesorado cos recursos materiais e servizos postos á súa disposición para o desenvolvemento do plan de estudos, cabe sinalar o seguinte. En primeiro lugar, o alumnado na enquisa de satisfacción correspondente (N=11), concede unha valoración media a dita dimensión de 3,18, valor lixeiramente superior ao obtido no curso 2016-2017 (2,75), destacando con puntuacións superiores á media as referidas á dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación (3,82), ás plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia (3,73) e ás aulas de informática, os obradoiros e os espazos experimentais e o seu equipamento (3,18). Pola contra, as puntuacións inferiores fan referencia aos espazos destinados ao traballo autónomo (2,45) e ás aulas e o seu equipamento (2,73) (INF.22_2017-2018). En segundo lugar, en canto á valoración do profesorado de dita dimensión (N=27), destacan puntuacións superiores ás outorgadas polo alumnado na totalidade de ítems analizados, obténdose os seguintes valores: dispoñibilidade de fondos bibliográficos na titulación (4,31), plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia (3,92), espazos destinados ao traballo autónomo do alumnado (3,85), aulas de informática, obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (3,67), así como as aulas e o seu equipamento (3,56) (INF.23_2017-2018).

Complementariamente, debe apuntarse tamén o grao de satisfacción dos egresados cos servizos existentes (N=7), o cal obtén unha puntuación de 3,81 sobre 5 (IN33G-PS-03).

Polo tanto, á vista dos resultados obtidos e do cumprimento das accións de melloras sinaladas no informe anterior e realizadas no curso 2017-2018, recoméndase continuar traballando na liña xa iniciada en cursos anteriores co propósito de promover a mellora de certos aspectos.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No referido aos principais resultados do título, cabe apuntar, en liñas xerais, a taxa de rendemento do título (90,05%) (IN34G-S01-PM-01), a taxa de éxito (96,54%) (IN35G-S01-PM-01), a taxa de avaliación (93,27%) (IN36G-S01-PM-01) e a taxa de graduación (64,10%) (IN37G-S01-PM-01), todas elas superiores ás medias acadadas pola USC (78,46%, 87,20%, 89,98% e 57,97%, respectivamente) (Med.USC_2017-2018), o que implica unha duración media dos estudos de 4,38 anos (IN38G-S01-PM-01), sendo esta inferior á media das titulacións da USC (Med.USC_2017-2018).

Á vista dos resultados xerais, cómpre facer referencia ás diferentes taxas por materias, mencionando, en primeiro lugar, a taxa de éxito, na que destaca a existencia de diversas materias cunha taxa do 100%, acadando a maior parte das materias unha taxa superior ao 90-95% e situándose as puntuacións inferiores en taxas que oscilan entre o 75-85%, polo que estamos a falar de taxas de éxito positivas no referido ás materias do plan de estudos (INF.17_2017-2018).

En segundo lugar, no referido á taxa de rendemento, obtéñense puntuacións positivas, obtendo un número amplo de materias unha taxa superior ao 90%, situándose os valores inferiores en taxas que oscilan entre o 65,45% e o 79,21% (INF.18_2017-2018), mentres que no referido á taxa de avaliación por materias, convén sinalar que a totalidade de materias do plan de estudos obteñen unhas taxas superiores ao 85%, excepto a materia G3091425 –Traballo Fin de Grao-, a cal logra unha taxa de 65,45%, algo lixeiramente inferior á acadada no curso 2016-2017 (66,67%) (INF.19_2017-2018).

Non obstante, á vista das puntuacións obtidas no referido ás taxas por materias, convén sinalar as referidas ao TFG, posto que, no curso 2017-2018, a taxa de éxito se mantén en relación á do ano anterior, mentres que a taxa de rendemento descende lixeiramente.

TAXA DE ÉXITO DO TFG			
2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018
95,45%	91,01%	100%	100%

Fonte: INF.17_2017-2018

TAXA DE RENDEMENTO DO TFG				
2013-2014	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018
57,55%	53,39%	64,80%	66,67%	65,45%

Fonte: INF.19_2017-2018

Neste senso, á vista das taxas acadadas pola materia de Traballo Fin de Grao, sinálase a importancia de continuar coa liña de traballo xa iniciada en anos anteriores, a cal se centra no desenvolvemento de xornadas de divulgación sobre dito traballo a desenvolver co alumnado de 4º curso. Neste senso, cabe apuntar, de acordo coas accións de mellora recollidas no informe de seguimento anterior, o incremento do número de sesións deste tipo durante o curso 2017-2018. En relación con dita cuestión, a diferenza dos cursos anteriores nos que se desenvolvían dúas, dende a Coordinación do Grao, no curso 2017-2018, leváronse a cabo tres sesións de divulgación, centrada a primeira en dar a coñecer os diferentes ámbitos de estudo no TFG, as modalidades de traballo existentes e as fases e prazos para a elaboración do mesmo; a segunda orientada, en liñas xerais, a dar a coñecer as modalidades de avaliación, así como aspectos a considerar na súa elaboración (estrutura, contidos, aspectos formais, normas APA, entre outros); mentres que a terceira foi enfocada cara as diferentes modalidades de avaliación, así como aspectos e criterios a considerar en cada unha delas tanto no TFG escrito coma na exposición e defensa oral do mesmo. Non obstante, á vista do resultado obtido no curso obxecto de avaliación, convén propoñer unha acción de mellora orientada ao traballo conxunto co profesorado titor dos mesmos.

Igualmente, mención especial merecen tamén as taxas acadadas polas materias de Practicum I e II, as cales no caso do Practicum de 3º curso, concrétnanse nunha taxa de éxito do 100% (INF.17_2017-2018) e unha taxa de rendemento e avaliación de 97,22% (INF.18_2017-2018 e INF.19_2016-2017). Por outro lado, no referido ao Practicum do último curso da titulación, acádase unha taxa de éxito do 100% (INF.17_2017-2018) e unha taxa de rendemento e de avaliación do 95,06% (INF.18_2017-2018 e INF.19_2017-2018).

Complementariamente, en canto ao informe de acreditación de cualificacións das materias do plan de estudos, apuntar que máis da metade destas obteñen a súa porcentaxe superior na cualificación de notable, situándose tamén nesta categoría as materias de Practicum de Educación Social I e II, así como o TFG (INF.15_2017-2018).

Finalmente, no referido á satisfacción do alumnado e profesorado cos resultados da titulación, cómpre destacar que o alumnado (N=11) concede unha valoración das competencias adquiridas de 3,73 sobre 5, lixeiramente superior ao do curso 2016-2017 (3,50) (INF.22_2017-2018), mentres que o profesorado (N=27) concede unha puntuación media a dito aspecto de 3,58 (INF.23_2017-2018). A un tempo, o profesorado concede unha valoración de 3 sobre 5 á adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do alumnado (INF.23_2017-2018).

Deste xeito, á vista dos resultados obtidos, cabe apuntar que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación establecidos na titulación, realizados os axustes necesarios de cara a favorecer a mellora dos resultados de aprendizaxe, contribúen á consecución duns resultados de aprendizaxe positivos, contribuíndo estes, a un tempo, ao cumprimento dos obxectivos do programa formativo.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Á vista dos datos presentados ata o momento, cómpre valorar a evolución da titulación de acordo coas súas características. Deste xeito, no referido aos indicadores de demanda, xa indicados na dimensión 1 do presente informe, cómpre destacar o número de prazas ofertadas no curso 2017-2018 (68) (IN01-G-PC-05) e o número de estudantes de novo ingreso (74) (IN03G-PC-05), o que supuxo un descenso da matrícula no primeiro curso en relación aos últimos anos, consecuencia, tal e como se apuntou con anterioridade, da solicitude de redución do 5% da matrícula solicitada en cursos anteriores, por exceder o número da oferta de prazas da titulación. Do número total de estudantes de novo ingreso, 73 se matricularon por vez primeira no 1º curso de dito plan de estudos (IN04-G-PC-05). Á vista destes datos, convén salientar unha taxa de variación relativa da matrícula de novo ingreso do -21,51% (IN05G-PC-05).

A un tempo, cómpre salientar o número de estudantes prescritos en dita titulación como primeira opción (66,18) (IN10G-PC-05), sendo a nota media de acceso por prescrición dos estudantes que iniciaron estes estudos no curso 2017-2018 foi de 8,75, valor tamén máis elevado que os rexistrados nos últimos cursos académicos (IN06G-PC-05).

Complementariamente, á vista dos indicadores de demanda, debe facerse mención a aqueles relacionados cos resultados, os cales tomando en consideración os indicados no apartado anterior do presente informe, destaca a taxa de rendemento acadada no curso 2017-2018 (90,05%), similar á obtida nos dous anos anteriores (90,07% no 2015-2016 e 89,44% no 2016-2017) (IN34G-S01-PM-01); a taxa de éxito (96,55%), algo superior á dos anos anteriores (95,75% no 2015-2016 e 95,80% no 2016-2017) (IN35G-S01-PM-01) e a taxa de avaliación (93,27%), lixeiramente inferior á do curso 2016-2017 (93,35%) (IN36G-S01-PM-01). En relación a estes indicadores do título, destaca, en liñas xerais, que na súa totalidade están por riba da media da Universidade de Santiago de Compostela segundo consta no informe correspondente (Taxa de rendemento da USC: 78,46%; Taxa de éxito da USC: 87,20%; Taxa de avaliación da USC: 89,98%) (MedUSC_2017-2018).

Igualmente, merecen especial atención os valores obtidos polas taxas anteriores nos diferentes cursos que constitúen a titulación. Deste xeito, en canto á taxa de rendemento por curso, todas elas superiores ao 85%, destacan con valores máis elevados as referidas a 3º e 4º curso (93,25% e 92,40%, respectivamente) (IN34G-S01-PM-01). A taxa de éxito por cursos acada valores superiores ao 94% na totalidade dos cursos, destacando tamén os valores superiores en 3º e 4º curso (98,05% e 99,45%, respectivamente), supoñendo un lixeiro incremento en relación aos valores acadados no curso anterior (IN35G-S01-PM-01). Complementariamente, no referido á taxa de avaliación por cursos, na súa totalidade, acada valores superiores ao 90%, obténdose o máis elevado en 3º curso (95,10%) e o máis baixo en 1º (90,65%) (IN36G-S01-PM-01).

Por outra banda, en canto á taxa de graduación, esta sitúase no 64,10% no curso 2017-2018, tendo lugar un descenso significativo en relación ao valor obtido no curso 2016-2017 (83,12%) (IN37G-S01-PM-01), a pesares de que dita taxa

é superior á taxa de graduación media da USC (57,97%) (MedUSC_2017-2018).

De novo, tal e como se comentou noutras ocasións, de cara a favorecer a taxa de graduación acadada, resalta a importancia de continuar co desenvolvemento das xornadas de divulgación do TFG, concienciar, ao alumnado, da importancia da formación en linguas estranxeiras, ofrecendo maior información sobre as posibilidades existentes, entre outras, o Centro de Linguas Modernas (CLM), así como propoñer unha acción de mellora orientada ao traballo conxunto co profesorado titor dos TFG.

En consecuencia, tomando en consideración este último valor, cabe facer referencia á duración media dos estudos, a cal se sitúa en 4,38 (IN38G-S01-PM-01), inferior á media da USC (4,98) (MedUSC_2017-2018).

No que se refire ás taxas de abandono, cabe apuntar que, durante o primeiro curso, esta sitúase no 17,46%, valor bastante superior ao acadado no curso 2016-2017 (8,00%) (IN40G-S01-PM-01) e segundo RD 1393/2007 en 12,82%, o que supón un aumento moi significativo en relación coa taxa do ano anterior (6,49% no 2016-2017) (IN41G-S01-PM-01). En comparación coas puntuacións medias rexistradas pola USC, as acadadas polo Grao en Educación Social resultan algo superiores no caso casa da taxa de abandono no 1º ano (16,02%) e inferior segundo o Real Decreto 1393/2007 (22,70%) (MedUSC_2017-2018). Neste senso, cómpre apuntar que a pesares do incremento da taxa de abandono non existe demanda real por parte dos estudantes nin de supervisión nin de apoio educativo específico.

Complementariamente, no que se refire á taxa de éxito e de eficiencia dos egresados, sitúanse ambas nun 96,11% (IN50G-S01-PM-01 e IN53G-S01-PM-01), así coma a taxa de idoneidade na Graduación nun 51,28%, inferior esta última á acadada no curso 2015-2016 (54,22%) e 2016-2017 (66,23%) (IN51G-S01-PM-01).

Así pois, á vista dos resultados expostos, estase en condicións de afirmar que o conxunto de indicadores analizados amosa un desenvolvemento e resultados positivos da titulación, adecuándose ás previsións e características do mesmo, aspectos na súa totalidade que xustifican o número de estudantes de novo ingreso (74) (IN03G-PC-05) en relación ao número de prazas ofertadas no curso 2017-2018 (68) (IN01G-PC-05), así como a taxa de ocupación acadada (107,35%), a cal descendeu en relación cos valores acadados nos dous anos anteriores (117,33% no 2015-2016 e 130,99) (IN12G-PC-05), polos motivos indicados no apartado correspondente do informe.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No referido á análise dos indicadores de satisfacción, cabe apuntar, en primeiro lugar, a avaliación da docencia recibida polo alumnado, así como a docencia impartida polo profesorado. Por unha banda, no que atinxe á satisfacción do alumnado coa docencia recibida, cabe apuntar a puntuación media obtida (3,99 sobre 5), o que supón un lixeiro aumento en relación ao valor acadado no curso 2016-2017 (IN46G-S01-PM-01), debendo salientar que a taxa de participación do alumnado á hora de responder a dita enquisa foi dun 34,89% no curso obxecto de seguimento (IN48G-PM-02), o que supón a necesidade de continuar na liña de traballo xa iniciada en cursos anteriores, centrada en realizar unha maior difusión da información referida a ditas enquisas co propósito de fomentar, dende a Facultade e dende a Coordinación do título, unha maior participación do alumnado na mesma.

Levando a cabo unha revisión dos diferentes ítems que constitúen a enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, cabe apuntar que na súa totalidade obteñen puntuación superiores a 3,5 sobre 5, facendo referencia as valoracións máis elevadas aos ítems relacionados co cumprimento do programa e do plan de traballo previsto (4,29), coa explicación da programación da materia e dos criterios de avaliación ao comezo da actividade docente (4,26), coa resolución de dúbidas formuladas (4,25), coa actividade receptiva e favorecedora da comunicación cos/as estudantes (4,18) e coa utilidade da axuda recibida nas titorías (4,02). A un tempo, cómpre destacar o aumento das puntuacións obtidas en cada un dos ítems analizados en relación cos correspondentes ao ano anterior (2016-2017) (INF.13_2017-2018).

Complementariamente, no referido á satisfacción co profesorado que imparte cada una das materias da titulación,

cómpre dicir que máis da metade acadada unha puntuación igual ou superior a 4 (61,54%), o 26,15 % entre 3 e 4, o 4,62% entre 2,5 e 3, e o 7,69% restante un valor inferior á puntuación media (2,5) (Enquisas materias GES 17-18).

Por outra banda, no referido á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, a puntuación media acadada é de 3,92 sobre 5, algo superior ao valor do ano anterior (3,87) (IN47G-S01-PM-01), cunha taxa de participación do profesorado á hora de responder a dita enquisa do 52,94%, inferior á obtida nos dous cursos anteriores (59,57% no curso 2015-2016 e 67,39% no 2016-2017) (INF.14_2017-2018), o que supón a necesidade de continuar coa acción centrada en realizar unha maior difusión da información referida a ditas enquisas co propósito de fomentar, dende a Facultade e dende a Coordinación, unha maior participación do profesorado na mesma.

Neste sendo, da análise detallada dos diferentes ítems que constitúen a enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, cómpre sinalar que a puntuación máis elevada fai referida á efectividade da coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia, obtendo unha puntuación de 4,54 sobre 5 (INF.14_2017-2018). Complementariamente, destaca tamén a puntuación acadada pola totalidade dos ítems, igual ou superior a 3,5 sobre 5, excepto no referido ao nivel de coñecementos e habilidades cos que chega o alumnado (3,26) e á adecuación da coordinación ente as distintas materias e/ou niveis do título (3,47), ítems estes con puntuacións inferiores, polo que se considera necesario seguir traballando e facer maior fincapé en aspectos referidos á coordinación entre as materias, potenciando maior número de reunións e xuntanzas de traballo periódicas entre o profesorado.

Por outra banda, convén sinalar o interese do profesorado por recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á educación (31%) e no referido ao interese deste colectivo por recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral (28%), valores estes que poden derivar do esforzo realizado nos últimos anos polos responsables do Plan de Formación e Innovación Docente (PFID) no desenvolvemento de accións formativas nestas temáticas, as cales puideron chegar a satisfacer as necesidades existentes nas temáticas indicadas (INF.14_2017-2018).

Ao marxe da satisfacción do alumnado e profesorado coa docencia recibida e impartida, debe sinalarse a satisfacción destes coa titulación. Deste xeito, no referido á satisfacción do alumnado (N=11), acádase unha valoración media de 2,89 sobre 5, obtendo as seguintes valoracións medias en base aos aspectos avaliados: Orientación ao alumnado (2,54); Xestión da Calidade (2,64); Planificación e desenvolvemento das ensinanzas (2,79); Recursos materiais e servizos (3,18) e Competencias adquiridas (3,73) (INF.22_2017-2018). Pola contra, no referido á satisfacción do profesorado coa titulación (N=27), esta acadada unha puntuación media de 3,76 sobre 5, obtendo os diferentes aspectos avaliados as seguintes puntuacións: Recursos humanos (3,38); Orientación ao alumnado (3,62); Resultados (3,65); Planificación e desenvolvemento das ensinanzas (3,69); Xestión da Calidade (3,82) e Recursos materiais e servizos (3,86) (INF.23_2017-2018).

Tomando en consideración os datos expostos ata o momento, cómpre dicir que, dende a Coordinación do Título, faise necesaria unha revisión de certos aspectos que podan afectar ao nivel de satisfacción do alumnado e atopar solucións ás problemáticas formuladas. Neste senso, considérase necesario o deseño e aplicación dun instrumento ao alumnado da titulación, a través do cal se indaguen certas cuestións concretas que non están incluídas na avaliación da docencia que realiza a USC, polo que será formulado como acción de mellora a desenvolver no curso 2018-2019.

Presentados e analizados os datos referidos á satisfacción coa docencia recibida polo alumnado e impartida polo profesorado, así como coa titulación, son outras tamén as enquisas de satisfacción aplicadas e as cuestións que deben ser analizadas.

Nun primeiro momento, debe mencionarse á satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade. Neste senso, no que atinxe ao alumnado saínte (N=2), este ofrece, no curso académico 2017-2018, unha valoración media de 3,07 sobre 5, inferior á acadada no curso 2016-2017, onde acadou un valor de 3,67 sobre 5 (IN15G-PC-08), destacando como puntuacións máis positivas os ítems referidos ao grao de satisfacción coa formación recibida na Universidade de destino (4,50), á aceptación e acollida por parte da Universidade de destino, así coma ás infraestruturas e materiais dispoñibles na Universidade de acollida, aspectos estes cunha puntuación de 4,00. Pola contra, os resultados inferiores refírense á facilidade de elaborar o acordo académico na USC e á orientación e axuda recibida por parte do coordinador de mobilidade na USC, ambos aspectos con valores de 2,50 sobre 5 (INF.04_2017-2018).

Por outra banda, no que atinxe á satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (N=1), non figuran datos referidos en exclusividade ao Grado en Educación Social, posto que os existentes fan referencia a resultados xerais a nivel de Facultade (INF.05_2017-2018). Non obstante, a satisfacción xeral deste colectivo cos programas de mobilidade acadada unha puntuación de 3 sobre 5, valorando o servizo ofertado pola Oficina de Relacións

Exteriores cunha puntuación de 5, mentres que, pola contra, a axuda recibida por parte do coordinador/a académico acadada unha puntuación de 2 (INF.05_2017-2018).

En consecuencia, tomando como referente os resultados obtidos no referido á satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade, debe sinalarse a necesidade de facer maiores esforzos no que atinxe á difusión da información correspondente e dos diversos trámites a realizar, así como especial fincapé no referido á implicación dos coordinadores/as académicos nas tarefas de orientación e asesoramento, funcións estas de gran relevancia de cara a favorecer mellores resultados.

En segundo lugar, no referido á satisfacción cos programas de prácticas externas, cabe apuntar a valoración media outorgada polos estudantes (N=9) (3,87 sobre 5), puntuación idéntica á acadada no curso 2016-2017 (IN19G-PC-09). Levando a cabo unha análise polo miúdo dos diferentes ítems avaliados, obteñen as puntuacións máis elevadas, todos eles con valores superiores a 4, as cuestións referidas á utilidade das prácticas como un bo complemento de formación e á suficiencia das instalacións e recursos á disposición do alumnado na institución, ambos aspectos cunha puntuación de 4,33, así como á atención recibida por parte do/a titor/a profesional da institución e do titor/a académico da Universidade, ambos ítems cunha puntuación de 4,22 e 4,00, respectivamente (INF.06_2017-2018). Pola contra, os valores inferiores céntranse no referido ao desenvolvemento axeitado das prácticas (3,89), ao cumprimento das expectativas previas coas actividades desenvolvidas na institución de prácticas (3,67) e o referido á duración das prácticas, o cal obtén unha puntuación de 2,67 sobre 5, posto que se considera inadecuada (INF.06_2017-2018).

